

1. O dereito propio de Galicia será aplicable no seu territorio con preferencia a calquera outro:

- a) En todas as competencias
- b) Só nas competencias exclusivas
- c) Nas competencias de execución
- d) Nas competencias de desenvolvemento lexislativo e execución

2. A titularidade e o exercicio das competencias atribuídas aos órganos administrativos:

- a) Poderán ser desconcentradas en calquera órgano do mesmo ente.
- b) Poderán ser desconcentradas en outros órganos xerarquicamente dependentes, nos termos e cos requisitos que prevexan as propias normas de atribución de competencias.
- c) Poderán ser descentralizadas en outros órganos xerarquicamente dependentes, nos termos e cos requisitos que prevexan as propias normas de atribución de competencias.
- d) Ningunha resposta é correcta.

3. Quén é o competente para a creación das Comisións Delegadas da Xunta?

- a) O Parlamento de Galicia.
- b) O Consello da Xunta.
- c) O Presidente da Xunta mediante decreto.
- d) O Consello da Xunta e o Parlamento conxuntamente.

4. O Estatuto de autonomía de Galicia, asume a sanidade interior como unha competencia:

- a) Exclusiva para Galicia
- b) Plena
- c) De desenvolvemento e execución
- d) Só de execución

5. Qué prazo ten a Xunta de Galicia para dar resposta razoada ás emendas dun proxecto de Lei que supoñan aumento dos créditos ou diminución dos ingresos orzamentarios?

- a) 15 días
- b) 10 días
- c) 1 mes
- d) 2 meses

6. As competencias de execución na Comunidade autónoma galega levan implícita:

- a) A potestade regulamentaria.
- b) A súa administración.
- c) A súa inspección.
- d) Todas son correctas.

7. Quen ten capacidade de obrar nun procedemento administrativo?

- a) Calquera cidadán maior de idade.
- b) Calquera cidadán que posúa capacidade de obrar conforme ás regras administrativas.
- c) Os menores de idade non incapacitados, en todo caso.
- d) As persoas que a posúan conforme ás regras civís.

8. Cando a condición de interesado derive dalgunha relación xurídica transmisíble, o dereito-habente sucederá en tal condición:

- a) En calquera estado do procedemento.
- b) Só na fase de iniciación.
- c) Só en procedementos firmes en vía administrativa.
- d) Só en procedementos non firmes en vía administrativa.

9. Quen ten a potestade de controlar a actividade regulamentaria das Comunidades Autónomas?

- a) O Tribunal Constitucional.
- b) O Consello de Estado.
- c) A xurisdición contencioso-administrativa.
- d) As Cortes Xerais.

10. Os actos da Administración que incorran en desviación de poder serán:

- a) Nulos de pleno dereito.
- b) Anulables.
- c) Non son nulos, xa que só constitúe un defecto de forma.
- d) Non son anulables, xa que só constitúe un defecto material.

11. Respecto das alegacións que formulen os interesados nun procedemento administrativo e dos documentos que acheguen, o órgano competente:

- a) Deberá telas en conta sempre ao redactar a proposta de resolución.
- b) Cando se presenten antes do trámite de audiencia, deberá telas en conta ao redactar proposta de resolución.
- c) O órgano competente poderá ou non ter en conta estas alegacións e documentos independentemente do momento no que se presenten.
- d) Ningunha é correcta.

12. Sinala a resposta correcta:

- a) Os cidadáns están obrigados a facilitarlle á Administración informes, inspeccións e outros actos de investigación só nos casos previstos pola lei.
- b) Os cidadáns están obrigados a facilitarlle á Administración, informes, inspeccións e outros actos de investigación en calquera caso.
- c) Os interesados nun procedemento que coñezan datos que permitan identificar outros interesados que non comparecesen nel poderán facilitarllos á Administración actuante.
- d) Os cidadáns que coñezan datos que permitan identificar interesados nun procedemento que non comparecesen nel poderán facilitarllos á Administración actuante.

13. Nos casos en que os órganos administrativos exerzan a súa competencia de forma verbal ¿quen realizará a constancia escrita do acto?

- a) O órgano superior xerárquico en todo caso.
- b) O órgano superior xerárquico que a reciba oralmente, só cando sexa necesario.
- c) O titular do órgano inferior ou funcionario que a reciba oralmente, cando sexa necesario.
- d) O titular do órgano inferior en todo caso.

14. De acordo co artigo 54.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, a motivación dos actos que poñan fin aos procedementos selectivos e de concorrencia competitiva, realizarase:

- a) Con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito.
- b) De conformidade co que dispoñan as normas que regulen as súas convocatorias.
- c) De conformidade co que dispoña o tribunal cualificador.
- d) De conformidade co que dispoña o Presidente do tribunal cualificador.

15. En que momento producirán efectos os actos das administracións públicas suxeitos ao dereito administrativo?

- a) Sempre, na data na que se ditén.
- b) Sempre, na data na que se publiquen.
- c) Na data na que se ditén, salvo que neles se dispoña outra cousa.
- d) Na data na que se publiquen, salvo que neles se dispoña outra cousa.

16. En cal dos seguintes actos será adicional a publicación da resolución a súa notificación:

- a) En aqueles que teñan por destinatarios unha pluralidade determinada de persoas coñecidas, en todos os casos.
- b) En aqueles que teñan por destinatarios unha pluralidade indeterminada de persoas.
- c) Cando a Administración estime que a notificación efectuada a un só interesado é insuficiente para garantir a notificación a todos.
- d) Cando se trate de actos integrantes dun procedemento selectivo ou de concorrencia competitiva de calquera tipo.

17. Os procedementos administrativos para a imposición de sancións por infraccións na orde social:

- a) Rexeranse exclusivamente pola súa normativa específica.
- b) Tramitaranse de acordo coa lei 30/1992, salvo no que respecta ao título IX (“Da potestade sancionadora”).
- c) Só lles son de aplicación os principios da lei 30/1992 recollidos no título IX (“Da potestade sancionadora”).
- d) Rexeranse subsidiariamente polas disposicións da lei 30/1992.

18. Segundo a Disposición Adicional I da lei 30/1992, non lle serán de aplicación as disposicións do capítulo II do título II da lei:

- a) Ao Pleno das entidades locais.
- b) Aos tribunais de oposicións.
- c) Aos xurados de expropiación.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

19. Unha das seguintes afirmacións é correcta en relación co silencio administrativo:

- a) A desestimación por silencio administrativo ten a tódolos efectos a consideración de acto administrativo finalizador do procedemento.
- b) Nos casos de estimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior ó vencemento do prazo adoptárase pola Administración sen vinculación ningunha.
- c) O certificado acreditativo do silencio producido debe emitirse no prazo máximo de 15 días.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

20. En relación coas reclamacións previas á vía xudicial civil, sinala cal das seguintes respostas non é correcta:

- a) O órgano ante o que se presentase remitírala ao órgano competente no prazo de cinco días.
- b) Na Administración xeral do Estado presentarase perante o ministro do departamento competente por razón da materia.
- c) Transcorrido un mes sen ser notificada resolución ningunha poderá considerarse desestimada.
- d) Todas son correctas.

21. A Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común determina que as leis poderán substituír, en supostos ou ámbitos sectoriais determinados:

- a) O recurso de alzada por un procedemento de conciliación.
- b) O recurso de reposición por un procedemento preceptivo de arbitraje.
- c) O recurso extraordinario de revisión por unha reclamación preceptiva.
- d) Todas as respostas son incorrectas.

22. A Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común determina que os órganos ante os que se pode interpoñer recurso e os competentes para resolver son:

- a) O recurso de alzada interponse en todo caso ante o órgano que ditou o acto e resolve o seu superior xerárquico.
- b) O recurso potestativo de reposición interponse ante o órgano que ditou o acto e resolvese polo mesmo órgano.
- c) O recurso extraordinario de revisión interponse ante o órgano que ditou o acto e resolve o seu superior xerárquico.
- d) Ningunha das resposta é correcta.

23. Na xurisdición contencioso-administrativa, os funcionarios públicos poderán comparecer por si mesmos:

- a) Sempre.
- b) En defensa de calquera dos seus dereitos estatutarios.
- c) En defensa de tódolos dereitos estatutarios recoñecidos por lei estatal ou autonómica.
- d) Ningunha resposta é correcta.

24. No procedemento xeral contencioso-administrativo, o xulgado ou Sala declarará non haber lugar á admisión do recurso cando conste de modo inequívoco e manifesto:

- a) A falta de lexitimación do acto recorrido.
- b) Ter caducado o prazo de interposición do recurso.
- c) Ter prescrito o prazo de interposición do recurso.
- d) Todas as respostas son correctas.

25. As sentencias ditadas en única instancia pola Sala do Contencioso-administrativo da Audiencia Nacional poderán ser susceptibles de recurso de casación :

- a) Non son susceptibles de recurso de casación.
- b) Ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Supremo.
- c) Ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Constitucional.
- d) Non son susceptibles de recurso de casación, salvo na materia de responsabilidade contable, na que caberá recurso perante o Tribunal de Contas.

26. Respecto da tramitación para a declaración de nulidade dos actos e disposicións contrarios aos pronunciamentos das sentencias, que se diten coa finalidade de eludir o seu cumprimento:

- a) Do escrito que plantee a cuestión darase traslado ás partes para que no prazo perentorio de tres días aleguen o que estimen procedente.
- b) Transcorrido o prazo de alegacións o Xuíz ou Tribunal ditará auto, no prazo de dez días, resolvendo a cuestión formulada.
- c) Transcorrido o prazo de alegacións o Xuíz ou Tribunal ditará sentenza, no prazo de dez días, resolvendo a cuestión formulada.
- d) As respostas a) e c) son correctas.

27. Os actos ditados polos órganos das administracións públicas no exercicio da súa propia competencia:

- a) Deberán publicarse cando teñan o contido propio dunha instrución ou orde de servizo.
- b) Poderán dar lugar a conflitos de atribucións cos seus superiores xerárquicos.
- c) Non deberán ser observados polos órganos doutras administracións, a diferenza das normas, que si deberán ser observadas polo resto dos órganos administrativos.
- d) Deberán ser observados incluso polos seus órganos superiores.

28. Os órganos colexiados participan da estrutura xerárquica da Administración pública na que se integran:

- a) Cando se deduza das súas funcións.
- b) Cando así o dispoñan as súas propias normas de funcionamento.
- c) Cando estean compostos exclusivamente por persoal ó servizo das Administracións públicas.
- d) Cando así o dispoña o órgano competente para o nomeamento do Presidente.

29. O procedemento de adxudicación dos contratos administrativos deberá xustificarse no expediente:

- a) Sempre.
- b) Salvo cando se utilicen o concurso ou a subasta.
- c) Só no procedemento negociado.
- d) Só no procedemento negociado sen publicidade.

30. Nos contratos administrativos especiais a orde xurisdiccional competente para coñecer das cuestións que poidan suscitarse en relación cos mesmos será:

- a) A orde xurisdiccional civil.
- b) A orde xurisdiccional civil para a parte privada e a contencioso-administrativa para a pública.
- c) A que se especifique expresamente no prego de cláusulas administrativas particulares.
- d) A orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

31. Non é causa de resolución do contrato de xestión de servizos públicos:

- a) A demora superior a tres meses por parte da Administración na entrega ao contratista da contraprestación ou dos medios auxiliares a que se obrigou segundo o contrato.
- b) O rescate do servizo pola Administración.
- c) A supresión do servizo por razóns de interese público.
- d) A demora superior a seis meses por parte da Administración na entrega ao contratista da contraprestación ou dos medios auxiliares a que se obrigou segundo o contrato.

32. O principio de risco e ventura, segundo o establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, supón que:

- a) A execución do contrato realizarase, en todo caso, a risco e ventura do contratista.
- b) O contratista terá dereito a indemnización nos supostos de caso fortuíto e de forza maior.
- c) O contratista terá dereito a indemnización nos supostos de caso fortuíto e forza maior, salvo nos contratos de consultaría e asistencia e de servizos e sempre que non exista actuación imprudente pola súa parte.
- d) Nos contratos de obras, nos casos de forza maior e sempre que non exista actuación imprudente pola súa parte, terá dereito a unha indemnización polos danos e perdas que se lle ocasionaran.

33. No caso de se produciren lesións a persoas, o dereito a reclamar a responsabilidade patrimonial da Administración comeza a contar -aos efectos da prescripción- dende:

- a) A data do sinistro causante.
- b) A data da primeira avaliación médica.
- c) A determinación do alcance das secuelas.
- d) O inicio do período de convalecencia.

34. Unha vez instruído o procedemento ordinario de responsabilidade patrimonial da Administración, antes de redactar a proposta de resolución, se lle concederá aos interesados para formular alegacións un prazo:

- a) Non inferior a 10 días nin superior a 15 días.
- b) De 10 días.
- c) De 15 días.
- d) Non inferior a 15 días nin superior a 30 días.

35. A adquisición de propiedades incorporais para o patrimonio autonómico correspóndelle:

- a) Á Consellería competente por razón da materia.
- b) Á Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda.
- c) Ao titular da Consellería de Economía e Facenda.
- d) Ao Consello da Xunta.

36. Aprobar o alleamento dun ben moble autonómico de interese arqueolóxico, taxado en 600.000 euros, correspóndelle:

- a) Á Consellería de Cultura.
- b) Á Consellería de Economía e Facenda.
- c) Ao Consello da Xunta.
- d) Ao Parlamento de Galicia.

37. Sinala cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a) Se un funcionario de carreira renuncia voluntariamente a súa condición de funcionario, a Administración sempre debe aceptar a renuncia.
- b) O funcionario que renuncie non poderá ingresar de novo na Administración Pública a través dun procedemento selectivo ata pasados dez anos.
- c) A Administración non poderá aceptar a renuncia cando o funcionario teña aberto xuízo oral pola comisión dun delito.
- d) A pena principal ou accesoria de inhabilitación especial imposta por sentenza firme produce a perda da condición de funcionario respecto a todos os empregos ou cargos públicos.

38. As leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento do Estatuto Básico do Empregado Público poderán aplicar a valoración da traxectoria e actuación profesional así como o resultado da avaliación do desempeño, para regular:

- a) A promoción interna vertical.
- b) A carreira vertical.
- c) A promoción interna horizontal.
- d) A carreira horizontal.

39. Segundo a Lei 13/2007, do 27 de xullo, que modifica a Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, en canto as modalidades de excedencia ás que ten dereito o/a funcionario/a :

- a) Poderá concederse unha excedencia por razón de violencia sobre a muller funcionaria, durante seis meses, sen ter que prestar un tempo máximo de servizos previos e sen que sexa exixible prazo de permanencia nela.
- b) Poderá concederse unha excedencia voluntaria por agrupación familiar, cunha duración mínima de dous anos e máxima de cinco.
- c) Na excedencia para o coidado de fillos e familiares, o posto de traballo desempeñado reservárase, cando menos, dous anos.
- d) As respostas a) e c) son correctas.

40. Sinale cal das seguintes respostas non é correcta, segundo a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas:

- a) A dita lei será de aplicación ao persoal que preste servizos en empresas en que a participación do capital, directa ou indirectamente, das Administracións Públicas sexa superior ao 50%.
- b) A lei mencionada será de aplicación ao persoal ao servizo de entidades, corporacións de dereito público, fundacións e consorcios cuxos orzamentos se doten de xeito ordinario en máis dun 60% con subvencións ou outros ingresos procedentes das Administracións Públicas.
- c) A Lei 53/1984 afecta por igual ao persoal laboral, funcionarios de carreira, interinos ou eventuais ao servizo das corporacións locais.
- d) Será de aplicación ao persoal ao servizo do Banco de España e das institucións financeiras públicas.

41. Segundo o artigo 95 do Estatuto Básico do Empregado Público, que tipifica as faltas disciplinarias moi graves, unha lei do Parlamento de Galicia poderá establecer as faltas consideradas graves, atendendo para elo a circunstancias tales como:

- a) A reincidencia.
- b) A gravidade dos danos causados ao patrimonio da Administración.
- c) O descrédito para a imaxe pública da Administración.
- d) As respostas b) e c) son certas.

42. Cal das respostas seguintes non é correcta, a tenor do establecido no Estatuto Básico do Empregado Público:

- a) Unha infracción moi grave prescribe aos dous anos dende que a falta se cometera.
- b) O prazo de prescrición dunha falta continuada empezará a contar dende que a falta deixa de cometerse.
- c) As infraccións graves prescriben aos dous anos.
- d) A imposición de sancións por faltas leves levarase a cabo por procedemento sumario con audiencia ao interesado/a.

43. Cal destas normativas non se aplica por igual ao persoal funcionario e ao persoal laboral ao servizo da Administración da Xunta de Galicia?

- a) A Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, modificada pola Lei 13/2007.
- b) A Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades.
- c) A Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- d) O réxime disciplinario establecido no Título VII do Estatuto Básico do Empregado Público.

44. Sinale de entre as respostas seguintes a que non se axusta ao contido do IV Convenio, no tocante ás licencias das que pode disfrutar o persoal laboral da Xunta de Galicia:

- a) O persoal laboral fixo que leve como mínimo un ano de servizo poderá pedir licencias sen soldo, por un prazo non inferior a quince días e non superior a tres meses, nun intervalo de tempo de dous anos.
- b) Poderán tamén solicitar un período de licencia, con carácter especial e sen soldo, por un tempo máximo dun ano e reincorporación automática, aqueles colectivos para os que, polas súas especiais características e funcións de atención directa a asistidos, así se considere aconsellable.
- c) Poderán pedir licencias para asistir a cursos organizados pola EGAP, polo tempo indispensable, con informe favorable do director do centro de traballo no que estea destinado o/a traballador/a.
- d) Poderán pedir licencias para realizar funcións sindicais, de formación sindical ou de representación do persoal, nos termos legalmente establecidos.

45. Segundo a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes:

- a) Os regulamentos elaborados pola Xunta de Galicia esixirán, antes da súa aprobación, a emisión dun informe elaborado polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, sobre o seu impacto de xénero.
- b) Os proxectos de lei presentados no Parlamento galego pola Xunta de Galicia irán acompañados dun informe sobre o seu impacto de xénero.
- c) Os regulamentos con repercusión en cuestións de xénero elaborados pola Xunta de Galicia tamén esixirán, antes da súa aprobación, a emisión dun informe vinculante sobre o seu impacto de xénero.
- d) Ningunha das respostas é correcta.

46. De acordo coa Disposición adicional primeira da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, sinala a resposta correcta:

- a) A composición dos tribunais de selección do persoal da Administración pública galega, tanto se se trata de acceso ao emprego como se se trata de promoción interna, debe ser paritaria.
- b) A composición dos tribunais de selección do persoal funcionario da Administración pública galega será paritaria para o conxunto da oferta pública de emprego.
- c) A composición dos tribunais de selección do persoal da Administración pública galega será paritaria para o conxunto da oferta pública de emprego, tanto se se trata de acceso ao emprego como se se trata de promoción interna.
- d) Na designación atribuída á Administración pública galega de membros de tribunais de probas selectivas de acceso ao emprego público procurarase a paridade entre mulleres e homes.

47. A lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público establece respecto das retribucións dos funcionarios interinos:

- a) Recoñeceranse os trienios correspondentes aos servizos prestados antes da entrada en vigor do presente estatuto que terán efectos retributivos a partir da data en que se recoñezan.
- b) Recoñeceranse os trienios correspondentes aos servizos prestados antes da entrada en vigor do presente estatuto que terán efectos retributivos a partir da presentación da solicitude de recoñecemento por parte dos interesados.
- c) Recoñeceranse os trienios correspondentes aos servizos prestados antes da entrada en vigor do presente Estatuto que terán efectos retributivos a partir da entrada en vigor do mesmo.
- d) Non se recoñecerán os trienios correspondentes aos servizos prestados antes da entrada en vigor do presente estatuto.

48. Segundo se establece nas instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica (para os anos 2007 e 2008), as retribucións dos delegados provinciais e territoriais das consellerías:

- a) Serán idénticas na súa contía ás dos directores xerais da Xunta de Galicia.
- b) Non terán dereito a percibir os trienios que puidesen ter recoñecidos como funcionarios e persoal ao servizo das administracións públicas.
- c) Imputaranse ao artigo 12 dentro do programa correspondente.
- d) Serán idénticas na súa contía ás dos subdirectores xerais da Xunta de Galicia.

49. O Estatuto dos Traballadores considera como causa de suspensión dun contrato de traballo:

- a) O exercicio dun cargo público representativo.
- b) A adopción ou acollemento dun menor de seis anos.
- c) Causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción.
- d) Todas as respostas son correctas.

50. Tendo en conta o contido do artigo 6 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, non lle correspondería ao goberno regular:

- a) As condicións de traballo ou medidas preventivas específicas en traballos especialmente perigosos.
- b) Os principios xerais relativos á prevención dos riscos profesionais para a protección da seguridade e da saúde e para a formación dos traballadores en materia preventiva.
- c) Os requisitos mínimos que deben reunir as condicións de traballo para a protección da seguridade e da saúde dos traballadores.
- d) As modalidades de organización, funcionamento e control dos servizos de prevención.

51. Cal das seguintes modalidades non se atopa entre as que pode escoller un empresario co fin de organizar os recursos necesarios para desenvolver as actividades preventivas ás que lle obriga a lei?

- a) Creación de servizos de prevención propios.
- b) Contratación dun servizo de prevención axeno.
- c) Designación dun comité de seguridade e saúde.
- d) Designación dun ou varios traballadores que se ocupen da dita actividade.

52. O contrato de traballo de substitución por anticipación da idade de xubilación :

- a) Ten por obxecto contratar a desempregados en substitución de traballadores de menos de 65 anos e máis de 61, que desexen anticipar a súa xubilación.
- b) Ten unha duración mínima de seis meses.
- c) Ten unha duración mínima dun ano.
- d) O contrato poderá concertarse en calquera modalidade, incluso a tempo parcial.

53. Cal dos seguintes órganos de representación sindical corresponde en exclusiva ao persoal laboral?

- a) Delegados de persoal.
- b) Seccións sindicais.
- c) Delegados de prevención.
- d) Comités de empresa.

54. Sinale a resposta incorrecta. A negociación colectiva das condicións de traballo dos funcionarios públicos estará suxeita, segundo o Estatuto Básico do Empregado Público, aos principios de:

- a) Publicidade e transparencia.
- b) Cobertura presupostaria.
- c) Proporcionalidade.
- d) Boa fe negocial.

55. Respecto da afiliación á Seguridade Social, sinala a afirmación incorrecta:

- a) A afiliación é única e xeral para tódolos rexímenes que compoñen o sistema, aínda que as persoas nel incluídas, por razón da súa actividade, cambien dun a outro réxime do mesmo.
- b) A afiliación ao sistema da Seguridade Social, por si soa, ou en unión doutros requisitos, non constituirá título xurídico para a adquisición de dereitos e o nacemento de obrigas.
- c) A afiliación se estende a toda a vida das persoas comprendidas no campo de aplicación do sistema.
- d) A afiliación ao sistema da Seguridade Social, aos efectos dos dereitos e obrigas na súa modalidade contributiva, é obrigatoria para tódalas persoas comprendidas no campo de aplicación do mesmo.

56. Están suxeitos á obriga de cotizar ao réxime xeral da Seguridade Social os traballadores que, en razón da súa actividade, se atopen comprendidos no seu ámbito de aplicación e os empresarios por cuxa conta traballen aqueles. Tendo isto en conta:

- a) A cotización para as continxencias comúns correrá a cargo exclusivamente dos empresarios.
- b) A cotización completa para as continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais correrá a cargo exclusivamente dos empresarios.
- c) A cotización para as continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais comprenderá as achegas de empresarios e traballadores.
- d) A cotización para as continxencias comúns correrá a cargo exclusivamente dos traballadores.

57. En canto aos caracteres das prestacións, o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social sinala que en materia de embargo:

- a) Estarase ao establecido na Lei de Procedemento Laboral.
- b) Estarase ao establecido na Lei de Axuizamento Civil.
- c) Estarase ao establecido no Regulamento executivo da Lei Xeral da Seguridade Social.
- d) Estarase ao establecido na Lei Xeral Tributaria e nas súas normas de desenvolvemento.

58. No caso de orfandade absoluta, se o orfo estivera cursando estudos e cumprira os 24 anos durante o transcurso do curso escolar, a percepción da pensión de orfandade manterase ata:

- a) O derradeiro día do corrente curso académico.
- b) O derradeiro día das probas extraordinarias do corrente curso académico.
- c) Ata o día primeiro do mes inmediatamente posterior ó de inicio do seguinte curso académico.
- d) Ata o día primeiro que resultase hábil de inicio do seguinte curso académico, salvo extensión da matrícula a probas extraordinarias legalmente autorizadas pola autoridade académica competente.

59. O Tratado de fusión dos executivos das tres Comunidades europeas entrou en vigor no ano:

- a) 1968
- b) 1967
- c) 1966
- d) 1965

60. O Tratado polo que se permite a financiamento progresivo das Comunidades Europeas mediante recursos propios e polo que se amplían os poderes de control do Parlamento Europeo foi asinado en 1970 en:

- a) Estrasburgo.
- b) Bruxelas.
- c) Ámsterdam.
- d) Luxemburgo.

61. Unha Directiva do Parlamento Europeo e do Consello:

- a) Pode ter como destinatario inmediato a calquera ente de Dereito público nacional.
- b) Precisa da sanción do Presidente da Comisión europea.
- c) Obrigará ao Estado membro destinatario.
- d) Ten análogo alcance que os Regulamentos do Parlamento Europeo.

62. Unha Directiva do Consello que teña como destinatarios a todos os Estados membros, pero que non fixe data de entrada en vigor:

- a) Entrará en vigor aos vinte días da súa publicación.
- b) Entrará en vigor segundo as normas de *vacatio legis* previstas polo respectivo ordenamento do Estado destinatario.
- c) Deberá ser validada polo Presidente do Consello e referendada polo do Parlamento Europeo, e entrará en vigor aos quince días, a contar dende a derradeira sinatura.
- d) Entrará en vigor aos vinte días da súa data de adopción.

63. En caso de votación no Consello da Unión Europea:

- a) Cada membro do Consello poderá actuar en representación dun só dos demais membros.
- b) Cada membro do Consello poderá actuar en representación de varios dos restantes membros, sempre que a representación fose comunicada cunha antelación de tres días ó Secretario do Consello.
- c) No Consello non cabe exercer representación de ningún tipo doutro membro.
- d) O voto no Consello só é delegable coa autorización dos restantes membros do Consello.

64. O Parlamento Europeo celebrará cada ano un período de sesións. Reunirase, sen necesidade de previa convocatoria:

- a) O primeiro luns de febreiro.
- b) O primeiro luns de marzo.
- c) O segundo martes de febreiro.
- d) O segundo martes de marzo.

65. O mandato dos membros do Comité das Rexións da Unión Europea:

- a) É renovable.
- b) Non é renovable.
- c) Só é renovable se o cargo nacional que ostenta como autoridade rexional é legalmente renovable.
- d) Non é renovable, agás que se cambie de cargo orixinario.

66. A pertenza ao Comité das Rexións da Unión Europea:

- a) É simultaneable coa condición de Deputado do Parlamento Europeo se as normas electorais nacionais o permiten.
- b) É simultaneable coa condición de Deputado do Parlamento Europeo por unha única vez, previa dispensa do Comité e do Parlamento.
- c) Non é simultaneable coa condición de Deputado do Parlamento Europeo.
- d) Non é simultaneable coa condición de Deputado do Parlamento Europeo, agás para belgas e alemáns, por mor do Protocolo específico incorporado ao Tratado.

67. Un traballador doutro Estado membro da Unión Europea que traballe en España, ¿ten dereito de sufraxio nas eleccións sindicais españolas?

- a) Só se prevé para as eleccións municipais e ó Parlamento Europeo.
- b) Non, en canto as organizacións sindicais se integran en organismos consultivos de Dereito público.
- c) Dependerá da reciprocidade co Estado do que é nacional ese traballador.
- d) Si, igual que os traballadores españois.

68. Cando en circunstancias excepcionais os movementos de capitais con destino a terceiros países ou procedentes deles causen, ou ameacen causar, dificultades graves para o funcionamento da unión económica e monetaria, o Consello, por maioría cualificada, a proposta da Comisión e previa consulta ao BCE, poderá adoptar respecto a terceiros países as medidas de salvagarda estritamente necesarias, por un prazo que non sexa superior a:

- a) seis meses.
- b) nove meses.
- c) un ano.
- d) dous anos.

69. Segundo a lei 21/2001, de 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, a masa homoxénea de financiamento das Comunidades Autónomas dos tres bloques competenciais está constituída polas seguintes partidas:

- a) Primeiro bloque: financiamento de competencias comúns.
- b) Segundo bloque: financiamento da xestión dos servizos de asistencia sanitaria da Seguridade Social.
- c) Terceiro bloque: financiamento da xestión dos servizos sociais da Seguridade Social.
- d) Todas as respostas son correctas.

70. Unha das seguintes afirmacións, en relación coa actividade financeira das Comunidades Autónomas, non é correcta:

- a) Cada Comunidade Autónoma está obrigada a velar polo seu propio equilibrio territorial e pola realización interna de solidariedade.
- b) As Comunidades Autónomas gozarán do tratamento fiscal que a lei estableza para o Estado.
- c) O sistema de ingresos das Comunidades Autónomas deberá establecerse de forma que non pode implicar privilexios económicos ou sociais, aínda que, en determinados supostos, poden establecerse barreiras fiscais.
- d) Un dos principios da actividade financeira das Comunidades Autónomas é a solidariedade entre as diversas nacionalidades e rexións que consagran os artigos 2 e os apartados un e dous do 138 da Constitución Española.

71. Nos artigos 7 e 8 do Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (TRLRFOG) establécense as competencias das Consellerías. Nestes artigos non está recollido:

- a) Será competencia de cada consellería a elaboración do seu anteproxecto de orzamento.
- b) Será competencia da Consellería de Economía e Facenda a proposta de pagamento de obrigas de cada Consellería.
- c) Será competencia de cada Consellería a administración e xestión dos créditos para gastos incluídos nos orzamentos e que estean adscritos a elas.
- d) Será competencia de cada Consellería a autorización dos gastos propios da Consellería, agás que aquela estea reservada ao Consello da Xunta.

72. As cantidades debidas á Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia devengarán intereses de demora:

- a) Dende o día do seu vencemento.
- b) Dende o día seguinte ao do seu vencemento.
- c) Dende o primeiro día hábil do mes seguinte ao do seu vencemento.
- d) Dende o primeiro día natural do mes seguinte ao do seu vencemento.

73. O cadro de financiamento formará parte dos orzamentos de:

- a) Os organismos autónomos comerciais, industriais ou análogos.
- b) Os organismos autónomos administrativos.
- c) Todas as consellerías.
- d) Nunca forma parte dos orzamentos.

74. Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia axustaranse, en canto a súa estrutura, ás seguintes regras:

- a) Os estados de ingresos presentarán unha clasificación funcional por programas.
- b) Os estados de gastos confeccionaranse aplicando unha clasificación funcional por programas.
- c) As clasificacións orgánica e económica informarán, respectivamente, sobre a natureza do gasto e sobre o axente que realiza o mesmo.
- d) Presentaranse con separación os gastos correntes e de capital, non sendo necesaria a distinción entre operacións correntes e de capital nos estados de ingresos.

75. As ampliacións de crédito, cando teñan tal carácter por disposición de lei, serán autorizadas por:

- a) O titular de cada consellería.
- b) O Consello da Xunta.
- c) O conselleiro de Economía e Facenda.
- d) O Consello da Xunta, a proposta do conselleiro de Economía e Facenda.

76. Todo acordo de modificación orzamentaria deberá indicar expresamente, ademais da sección ou ente público a que se refira, o programa, servizo ou organismo autónomo e:

- a) Unicamente o artigo, se o crédito é vinculante nese nivel.
- b) O artigo e o concepto, aínda que a modificación afecte ao subconcepto.
- c) O artigo, concepto e subconcepto, se é o caso, afectados por ela, incluso naqueles casos nos que o crédito se consigne ou sexa vinculante no nivel de artigo.
- d) O artigo, concepto e subconcepto, unicamente no caso de o crédito se consigne ou sexa vinculante no nivel de subconcepto.

77. Sinala a resposta incorrecta. Poderán adquirirse compromisos de gasto de carácter plurianual, aínda que a súa execución deba iniciarse no exercicio seguinte, cando o seu contido coincida con:

- a) Investimentos e transferencias de capital.
- b) Transferencias correntes derivadas de norma con rango de lei, ou que se concedan a través de convocatorias ou do asinamento de convenios, non sendo, neste caso, precisa a autorización de compromiso plurianual por parte do Consello da Xunta.
- c) Arrendamentos de bens inmoables que vaian ser utilizados por organismos ou servizos da Comunidade Autónoma.
- d) Activos financeiros.

78. Os gastos en bens correntes e servizos terán carácter vinculante, segundo o establecido no artigo 56 do Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e, sen prexuízo das excepcións que cada ano se establezan na lei de ornamementos:

- a) A nivel de concepto.
- b) A nivel de subconcepto.
- c) A nivel de capítulo.
- d) A nivel de artigo.

79. O control financeiro ordinario enmarcará a súa actuación nun plan anual de auditorías que se debe realizar en cada exercicio. A elaboración do Plan correspóndelle:

- a) Á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.
- b) Á Dirección Xeral de Orzamentos.
- c) Á Dirección Xeral de Tributos.
- d) Ao Consello da Xunta.

80. A aplicación do réxime do control financeiro permanente ás Consellerías, servizos, organismos, sociedades e entes nos que actualmente non se atope establecido efectuarase:

- a) Mediante acordo da Xunta por proposta do Conselleiro de Economía e Facenda, nos supostos de consellerías, servizos ou organismos autónomos nos que xa exista Intervención delegada da Intervención Xeral da Comunidade.
- b) Mediante acordo do conselleiro de Economía e Facenda por proposta da Intervención Xeral, nos supostos de servizos, sociedades ou entes públicos nos que non exista Intervención delegada da Intervención Xeral da Comunidade.
- c) Mediante orde do conselleiro de Economía e Facenda por proposta da Intervención Xeral da Comunidade, nos supostos de consellerías, servizos ou organismos autónomos nos que xa exista Intervención delegada da Intervención Xeral da Comunidade.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

PREGUNTAS DE RESERVA:

81. Cal das seguintes figuras supón alteración da titularidade dunha competencia?

- a) A encomenda de xestión.
- b) A delegación de sinatura.
- c) A suplencia.
- d) Ningunha é correcta.

82. Con carácter xeral, a desafectación de bens demaniais da Comunidade Autónoma de Galicia debe efectuarse mediante:

- a) Decreto.
- b) Orde da Consellería de Economía e Facenda.
- c) Acordo do Consello da Xunta.
- d) Decreto executivo da Comisión Delegada de Asuntos Económicos da Xunta de Galicia.

83. O expediente de ampliación de créditos:

- a) Pode financiarse con retención noutros créditos.
- b) Pode financiarse con remanente de tesourería.
- c) Pode financiarse con endebedamento dentro dos límites autorizados.
- d) Todas as respostas son correctas.